



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 11 de setembro de 2024, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 21/9003

Categoría: Asociado/a

Área de Coñecemento: Didáctica da expresión Corporal

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia: 652603321 A Aprendizaxe na Educación Física Baseado en Competencias

652603311 Organización e Marco Legal da Educación Física e do Deporte en Idade Escolar

652603312 Atención á Diversidade na Educación Física

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

A Comisión de Reclamacións considera que:

- A reclamación de D. José Ignacio Salgado López prodúcese unha vez que a Comisión de selección da praza 21/9003 se reuniu de novo en execución da Resolución Reitoral que establecía a retroacción das actuacións conforme ao establecido na sentenza 00258/2023 do Xulgado Contencioso Administrativo número 2 de Santiago de Compostela e realizou unha nova proposta de provisión da citada praza.
- A citada sentenza establecía que a Universidade debía *retrotraer el procedimiento al momento de fijación de los criterios de valoración en lo relativo al establecimiento de los porcentajes de ponderación aplicables a la afinidad/no de los méritos con el área de referencia, de modo que no se podrá multiplicar por cero o dejar sin efecto los méritos pertinentes de ningún aspirante, debiendo motivar la comisión tras la retroacción la valoración asignada a cada candidato conforme a esos porcentajes.*
- A Comisión de selección da praza 21/9003 procedeu a fixar uns novos criterios que establecen porcentaxes de ponderación en función da relación dos méritos co perfil da praza.

Por todo o anterior, a Comisión de Reclamacións

ACORDA

1. Solicitar da Comisión de selección que, en cumprimento do establecido na sentenza 00258/2023, proceda a modificar os criterios de valoración aprobados con data 15/10/2021 unicamente para incorporar as porcentaxes de ponderación aplicables á afinidade/non dos méritos coa área de referencia, de modo que non multiplique por cero ou deixe sen efecto os méritos pertinentes de ningún aspirante.

Código Seguro De Verificación	SH1j2MvR1+RjVpTABqCLNA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	12/09/2024 12:10:47
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SH1j2MvR1+RjVpTABqCLNA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





2. Solicitar da Comisión de selección que realice unha nova valoración dos méritos alegados polas persoas candidatas de acordo cos citados criterios e unha vez introducidas as ponderacións aplicables á afinidade/non dos méritos coa área de referencia, de modo que non multiplique por cero ou deixe sen efecto os méritos pertinentes de ningún aspirante.
3. Facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

Código Seguro De Verificación	SH1j2MvR1+RjVpTABqCLNA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	12/09/2024 12:10:47
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SH1j2MvR1+RjVpTABqCLNA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

